

ORDENANZA FISCAL Nº 36 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Artigo 1.- Fundamento e obxecto.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Mondoñedo establece a taxa pola utilización de instalacións deportivas municipais, á que se refire o artigo 20.4.o) do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado RDL.

Artigo 2.-Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización das instalacións deportivas municipais seguintes:

- a) Pavillón Polideportivo Municipal.
- b) Campo de Fútbol Viñas da Veiga.

Non están suxeitas ao pago as actividades organizadas polo Concello de Mondoñedo, ben directamente ou ben a través do outras entidades ás que se lle conceda o patrocinio municipal, o a través de asociacións de interese público o sen ánimo de lucro, cando se trate de actividades de interese para o Concello.

Neste caso deberá quedar acreditado que se trata de Asociacións de interese público o sen ánimo de lucro e presentar unha memoria anual das actividades desenroladas no Concello .

Artigo 3.- Beneficios fiscais, exencións e bonificacións.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

Artigo 4.- Suxeito pasivo.

Terán a consideración de suxeito pasivo da taxa, en concepto de contribuínte, a persoa física e xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten a utilización ou que as utilicen aínda sen ter obtido a preceptiva autorización.

Artigo 5.- Responsables.

A responsabilidade tributaria será asumida nos termos establecidos no artigo 41 da Lei 58/2003, Xeral tributaria.

Serán responsables solidarios ou subsidiarios, as persoas ou entidades a que se refiren respectivamente, os artigos 42 e 43 da Lei Xeral tributaria, sen prexuízo de que as leis establezan outros supostos de responsabilidade solidaria e subsidiaria distintos aos previstos nos preceptos citados.

O procedemento para declarar e esixir a responsabilidade solidaria o subsidiaria será o previsto, respectivamente, nos artigos 175 e 176 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 6.- Cota tributaria.

A determinación da cota tributaria realizarase mediante o sistema de cota fixa segundo as tarifas recollidas no artigo seguinte.

Artigo 7. Tarifas.

- Pavillón polideportivo municipal. Prezo por hora: 6 €.
- Campo de Fútbol Viñas da Veiga. Prezo por hora: 10 €.

Artigo 8.- Devengo.

A Taxa se devengará cando se inicie a prestación do servizo que orixina a súa exacción, esixíndose o depósito previo do importe coa solicitude de uso das instalacións municipais.

Artigo 9.- Normas de xestión.

Establecese o réxime de autoliquidación na xestión do cobro da taxa. O ingreso da mesma efectuarase nas dependencias municipais xunto coa presentación da solicitude de autorización da utilización das instalacións deportivas. Non se tramitará ningunha solicitude na que non se acredite, previamente, o pago da taxa.

Non obstante o anterior, cando a utilización das instalacións deportivas se realice de maneira periódica e continuada ao longo do ano, poderán os/as interesados/as efectuar as correspondentes liquidacións das taxas mensualmente ou na súa totalidade se así o preferisen.

Artigo 10.- Infraccións e sancións tributarias.

No relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da lei xeral tributaria.

Disposición derogatoria.

A partires da entrada en vigor desta Ordenanza, queda derogada a normativa anterior, no que se opoña ao establecido na presente Ordenanza.

Disposición final.- Entrada en vigor.

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Dilixencia.- Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada provisionalmente no pleno de sesión ordinaria de 31 de xullo do 2015, publicada definitivamente no B.O.P. Nº 229, de 6 de outubro do 2015, entrando en vigor o 7 de outubro do 2015, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.